



Asunto: CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS

Advertido un erro na Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, pola que se adoptan medidas de adaptación do *Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación*, da Confraría de Pescadores de Cangas, emitida con data 14 de febrero de 2023, compre facer a seguinte corrección:

A) ONDE DÍ:

A Confraría de Cangas dentro do plan de xestión de percebe dende embarcación solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades.

1) Para a reserva para a extracción de semente de mexillón:

- De Ballote de Mar a Illa dos Ratos.*
- Arquipélago de Cíes: cara leste da illas norte de Punta Farolillo a illote Viños, e cara leste da illas sur de Punta Pau da Bandería a Alto de Vicos.*
- Costa da Vela (510592 m E – 4677924 m N; 511231 m E – 4679456 m N; coordenadas 29T WGS84).*

DEBE DICIR:

A Confraría de Cangas dentro do plan de xestión de percebe dende embarcación solicita as seguintes zonas para extracción exclusiva de percebe e de zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón coa finalidade de preservar o recurso e asegurar a extracción de ambas especies nas zonas en que conviven as dúas actividades.

1) Para a reserva para a extracción de semente de mexillón:

- De Ballote de Mar a Illa dos Ratos.*
- Arquipélago de Cíes: cara leste da illas norte de Punta Farolillo a illote Viños, e cara leste da illas sur de Punta Pau da Bandería a Alto de Vicos.*
- Costa da Vela (510592 m E – 4677924 m N; 511231 m E – 4679456 m N; coordenadas 29T WGS84).*

2) Para a extracción exclusiva de percebe:

- De Punta Couso a Praia Area de Couso, illas, illotes e pedras cercadas incluídas.*
- De Cabo Home Leste a Punta Subrido, illas, illotes e pedras cercadas incluídas.*

Notifícaselle á Confraría de Pescadores de Cangas, aos efectos do establecido no artigo 58.3 b) da Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos

